

A GAITA

A gaita é o nome que recibe a cornamusa en Galicia. É un dos instrumentos máis importante do noso folclore, pero tamén soa en Asturias, norte de Portugal, Aragón, Cataluña, Extremadura, así como noutras zonas de Europa como Irlanda, Reino Unido ...

Pertence á familia de vento-madeira, porque dentro do punteiro hai unha lingüeta de cana chamada palleta que vibra ao saír o aire do fol.

Sinala no debuxo as partes principais da gaita:


Fol é a bolsa de aire.

Soprete é o tubo de madeira por onde sopra o gaiteiro para encher o fol.

Punteiro é o tubo con buratos que o gaiteiro tapa cos dedos para facer soar as notas.

Roncón é o tubo maior que sae do fol.

Ronqueta é coma un roncón máis pequeno.



Escoita algúns intérpretes de gaita galegos:



Susana Seivane



Carlos Núñez



Xosé Manuel Budiño



Cristina Pato

